

# **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS**

**DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2022**

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día cinco de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito órgano), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Álvaro Carou García

Vogaís: D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Ramón Santorum Canto

Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro

## **1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.**

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día nove de xuño de dous mil vinte e dous e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

## **2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE MAIO AO DEZANOVE DE XULLO DO PRESENTE ANO.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do un de maio ao dezanove de xullo do presente ano, relativas a:

### **Mes de maio :**

#### **A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 03/05/22** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Xinmasio de Musculación do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, os mércores de 21:30-22:30 horas, para os adestramentos do seu Equipo Xuvenil de Liga Nacional, tempada 2021/22, debendo cumprir coas seguintes normas:

- Presenza dun adestrador titulado durante toda a permanencia dos atletas no ximnasio.
  - Uso obrigatorio de toalla de cada usuario.
  - Desinfección das superficies de contacto de cada máquina e banco, despois do seu uso.
- 2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”
- **2ª Resolución con data 03/05/22** .-“1.- Autorización ao ATLÉTICO FAXILDE C.F. VILAGARCÍA, o uso do Campo de Fútbol Municipal da Pelada, para a celebración dos torneos: TORNEO VETERANOS, o vindeiro día 4 de xuño do presente ano e, o TORNEO CADETE, o vindeiro día 11 de xuño do presente ano. Debendo na maior brevidade posible, presentar o horario de competición de uso da devandita instalación deportiva.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
- 3.- Aprobar a cesión de dúas casetas-vestiario que se atopan no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.
- 4.- No relativo á cesión e montaxe dun graderío supletorio na instalación, comunícaselle que se está valorando polo Servizo de Mantemento, a viabilidade, dado as dificultades da montaxe do mesmo, ao non contar esta instalación cunha capa de asfalto, polo que non se pode acceder polo céspede cun peso excesivo.
- 5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:
- Concellería de Medio Ambiente, a cesión de colectores de lixo.
- 6.- Conceder 6 trofeos para a entrega de premios, da remesa da Fundación de Deportes.
- 7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

8.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

8.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

8.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **3ª Resolución con data 04/05/22** .-“1.- Autorización ao I.E.S. Fermí Bouza Brey, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para levar a cabo a unidade didáctica de atletismo cos alumnos/as do centro no seu horario lectivo, dende o día 2 do presente mes ao 17 de xuño do presente ano, nas seguintes franxas horarias:

<b><u>DÍAS</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
luns e mércores	09:00-9:50 horas

	10:40-11:30 horas
Martes	16:30-18:10 horas
Xoves	12:00-13:30 horas
Venres	09:00-10:40 horas

Agás o vindeiro mércores día 11 do presente mes, pola celebración todo o día dun evento deportivo.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da citada actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil da mesma.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **4ª Resolución con data 09/05/22** .-“1.- Autorización a Dna. Isabel García Loira e/r do Club Polideportivo Saiar, o uso do Estadio de Atletismo Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, o vindeiro día 9 do presente mes, de 11:30-13:00 horas, para a preparación dos seus deportistas de cara o Campionato Galego de Atletismo Adaptado.

2.- Comunicarlle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.”

- **5ª Resolución con data 09/05/22** .-“1.- Autorización á Federación Galega de Deporte Adaptado (FGADA), o uso do Estadio de Atletismo co seu equipamento e material de competición, para a celebración do Campionato Galego de Atletismo de Deporte Adaptado, o vindeiro día 11 do presente mes, de 10:00-14:00 horas.

2- Comunícarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a adquisición de picnics e augas para os participantes do devandito Campionato, cun orzamento por importe total de 350,00 € (IVE incluído).

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data

06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe da devandita actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil para a citada actividade e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade. Así como documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **6ª Resolución con data 11/05/22** .-“1.- Aprobación ao CLUB VILAGARCÍA, S.D., para a celebración do V TORNEO PAZO DA GOLPELEIRA BENXAMÍN, o vindeiro día 17 de maio do presente ano, a apertura do Campo de Fútbol Municipal de Berdón ás 7:30 horas, así como a suspensión dos adestramentos do luns 16 de maio para realizar a montaxe do citado evento.

2.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a solicitude de circulación de dirección única de subida e baixada do citado Campo de Fútbol, conforme ao informe solicitado á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.

3.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades de colaboración, da cesión de 100 valadas, 6 carpas e 6 mesas grandes, para a súa aprobación, se procede:

4.- Lémbrales que ten pendente de presentación toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 19/04/2022.”

- **7ª Resolución con data 11/05/22** .-“1.- Autorización ao OS INGLESES RUGBY CLUB, o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e, no horario que a continuación se relaciona, para a celebración dunha concentración de Escolas de Rugby incluídas no calendario da Federación Galega de Rugby, o vindeiro día 14 de presente mes:

**INSTALACIÓN**

**HORARIO**

Campo de Herba Estadio de Atletismo

10:00-14:30 horas

Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo

12:00-14:00 horas

Debendo designar a persoal da súa organización para que os usuarios que accedan ou saian ao campo de herba natural, o fagan só pola zona habilitada das pistas de atletismo, así como a recollida de balóns.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de 3 mesas da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras, a cesión de 4 carpas.

Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013, así como a Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **8ª Resolución con data 13/05/22** .-“1.- Aprobación ao ATLÉTICO FAXILDE C.F., para o desenvolvemento da celebración dos Torneos: I TORNEO LETRAS GALEGAS PREBENXAMÍN, o vindeiro día 17 do presente mes e I TORNEO SANTA RITA 2022 BENXAMÍN E ALEVÍN, os vindeiros días 21 e 22 do presente mes, aprobada a súa autorización de uso do Campo de Fútbol Municipal da Pelada pola Resolución do Sr. presidente con data 14/03/2022, a cesión de 25 valadas de plástico que se atopan no Recinto Fexdega e a publicidade da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan, as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras.- Cesión de 140 cadeiras, 6 mesas grandes con bancos, e un palco de 30X1.

Departamento do Auditorio.- Cesión dun equipo de Son.

3.- Conceder 9 trofeos para os primeiros clasificados das fases de consolación nas diferentes categorías dos devanditos Torneos, solicitado orzamento á empresa Deportes Rodas Vilagarcía, S.L., por importe de 168,00 €.

4.- Lémbrales que ten pendente de presentación toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 14/03/2022.”

- **9ª Resolución con data 13/05/22** .-“1.- Cesión ao CLUB XADREZ FONTECARMOA, para a celebración do Fin de Tempada das Escolas do devandito club, os vindeiros días do 15 ao 30 xuño do presente ano, un xogo de xadrez xigante. Que deberá recolle-lo na base do Servizo de Mantemento do Estadio Municipal de A Lomba e deixalo no mesmo sitio ao remate do periodo de cesión, facéndose responsable do mesmo e delvolve-lo no mesmo estado no que se lle presta.”
- **10ª Resolución con data 13/05/22** .-“1.- Aprobación ao CLUB XADREZ FONTECARMOA, o traslado de 60 (40+20) mesas do Convenio co citado Club para a celebración do Torneo Masterchess incluído no Circuito Galego de Xadrez Promoción, no Centro Comercial Arousa, o vindeiro día 14 do presente mes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.  
2.- Trasladar ao departamento de Obras, do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a súa solicitude de cesión de 200 cadeiras, para a súa aprobación, se procede.”
- **11ª Resolución con data 16/05/22** .-“1.- Autorización a OS INGLESES RUGBY CLUB, o uso do Campo de herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, categorías base, o vindeiro día 28 do presente mes, de 09:00-16:00 horas. Así como, no caso necesario, autorízase ampliar o horario ata as 19:30 horas do uso do Campo de Herba do Estadio de Atletismo.  
2.- Autorizar o uso de dous vestuarios da parte baixa do devandito Complexo, de 9:00-16:00 horas, para as xogadoras participantes no devandito torneo.  
3.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta as citadas instalacións deportivas e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.  
4.- Aprobar a cesión de 4 mesas e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Concellería de Cultura, autorización de uso da Casa da Cultura de Fontecarmoa, de 9:00-16:00 horas.

Departamento de obras, a cesión de 4 carpas e 8 cadeiras.

Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

7.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto



acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **12ª Resolución con data 19/05/22** .-“1.- Traslado da solicitude da REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, da cesión dunha tarima para a entrega de premios, para a celebración da REGATA DA MULLER-FASE CLASIFICATORIA, polo Centro de Tecnificación de Vela de Vilagarcía de Arousa, o vindeiro día 21 do presente mes, para a súa aprobación, se procede.
- **13ª Resolución con data 27/05/22** .-“1.- Aprobación ao OS INGLESES RUGBY CLUB, para a celebración do I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, o vindeiro día 28 do presente mes, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 16/05/2022, a cesión de 2 mesas, un arco hinchable e os flay bannners de publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.  
2.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, as necesidades de colaboración, da cesión de 2 carpas coas súas lonas laterais, 4 cadeiras e un palco de 3x4 m para a entrega de premios, para a súa aprobación se procede.  
3.- Comunicarlle que no relativo a reserva de estacionamento diante da casa da Cultura de Fontecarmoa, remitiuse a súa solicitude ao departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a súa aprobación, se procede.  
4.- Conceder 15 trofeos para a entrega de premios aos primeiros clasificados nas diferentes categorías participantes no devandito Torneo, para o a que se solicitou presuposto a empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L., por importe de 280,65 €.  
5.- Lémbrales que ten pendente de presentación toda a documentación requirida na Resolución do Sr. presidente con data 16/05/2022.”
- **13ª Resolución con data 30/05/22** .-“1.- Autorización á empresa Bonecos Vilagarcía, S.L. (concesionaria da Escola Infantil Municipal), o uso do Estadio Municipal A Lomba, para a celebración da semana do deporte cos seus alumnos de 2 e 3 anos, o vindeiro día 2 de xuño do presente ano, de 10:00-11:45 horas. Comunicarlle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

2.- Aprobar a cesión de balóns pequenos e porterías pequenas da Fundación de Deportes, para o desenvolvemento da devandita actividade, así como non realizar a rega ese día e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.”

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 13/05/22** .-“1.- Adxudicación á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., a adquisición de 9 trofeos, para os primeiros clasificados das fases de consolación nas diferentes categorías dos Torneos: I TORNEO LETRAS GALEGAS e I TORNEO SANTA RITA, ano 2022, a través dun contrato menor de subministro, por importe total de 168,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.”

- **2ª Resolución con data 24/05/22** .-“1.- Resolución da discrepancia plantexada polo director Deportivo e levantar os reparos pola interventora/delegada, adxudicando a través dun Contrato Menor de Servizos da realización de DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES á empresa TROQUIÑA, S.L. ata que dende a administración da Fundación de Deportes finalice a nova licitación dos citados traballos e/ou por un período máximo de 5 meses dende o 1 de abril ao 31 de agosto do presente ano, por importe total de 17.850,00 € (3.570,00 €/mes, IVE incluído, con cargo á partida 342-227,9902.

2.- Aprobar o prezo unitario das Segas do Césped extraordinarias, que se teñen que levar a cabo no Estadio Municipal de A Lomba, por importe de 178,00 €/Ud., que se facturarán pola empresa mensualmente polo total de segas realizadas/mes.

3.- Iniciar na maior brevidade posible a tramitación da nova licitación para a adxudicación do Contrato de Servizos consistente en DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN DE DEPORTES.

- **3ª Resolución con data 27/05/22** .-“1.- Adxudicación da adquisición de 15 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para os primeiros clasificados nas diferentes categorías participantes no I TORNEO SANTA RITA DE RUGBI 7, a través dun contrato menor de subministro, por importe de 280,65 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226-9901.”

**C.- Recoñecementos de obriga:**

- **1ª Resolución con data 19/05/22** .-“1.- Aprobación do abono en nómina dun plus de produtividade, por importe correspondente aos días exercidos como encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, periodo do 18 ao 20 do presente mes, do complemento por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe

o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao Encargado titular por ter dereito as vacacións e ausencias do seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-130,0205.

2.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.”

- **2ª Resolución con data 30/05/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de maio, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 9.234,49 €.

- **3ª Resolución con data 30/05/22** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de maio , da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 32.135,21 €.”

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000011522F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000010822F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012422F, correspondente a realización da limpeza extraordinaria do Recinto Fexdega, pola celebración da XXV VILAGARCÍA BASKET CUP HELENA MARIÑO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/04/2022, por importe de 335,78 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012322F, correspondente ao reforzo da limpeza do CEIP A Escardia, na que se levan a cabo as actividades de loga e Estiramientos e Relaxación, do Proxecto de Actividades Físico Recreativas de Adultos, ano 2022, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 20/01/2022, por importe total de 138,21 €, con cargo á partida 342-227,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 22113, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 24/05/2022, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada da súa adxudicación, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000013822F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº, 02148000014522F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DISTRIBUCIONES FROIZ S.A.U., pola fra. nº 151-1-05/68, correspondente á adquisición de picnic e augas para os participantes, pola celebración do CAMPIONATO GALEGO DE ATLETISMO DE DEPORTE ADAPTADO, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/05/2022 e conforme informe da dirección deportiva, por importe de 264,00 €, con cargo á partida 342-226,09.”

- **4ª Resolución con data 30/05/22** .-"1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de maio, por importe total de 17.780,95 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente."

**D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 04/05/22** .-"1.- Aprobación das 4 novas solicitudes de inscrición presentadas no prazo extraordinario ata que se cubran as prazas vacantes do II Curso das Actividades Físico-Recreativas para Adultos (marzo, abril e xuño) do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas de Adultos, ano 2022, período do 25 ao 29 de abril do presente ano (listado de rexistros do nº 296 ao nº 299)."
- **2ª Resolución con data 06/05/22** .-"1.- Aprobación da baixa do vehículo Peugeot Partner Teppe Premium 1.6 HDI 90 con matrícula 6891 GLH da Fundación de Deportes, dado que o custo da reparación da avería que presenta fai que sexa inviable a súa reparación, polo que procede:
  - A baixa en tráfico.
  - A baixa no inventario da Fundación de Deportes
  - Cancelación da póliza de seguros nº 12074505, contratada á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A."

**Mes de xuño :**

**A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:**

- **1ª Resolución con data 01/06/22** .-"1.- Autorización ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do "CLINIC ADESTRADORES", dirixido a adestradores, alumnado dos Ciclos Formativos Técnico Deportivo de Baloncesto e mestres, os vindeiros días 24 e 25 do presente mes, no horario que a continuación se indica:

<b><u>DÍA</u></b>	<b><u>HORAS</u></b>
24/06/22	16:00-21:00 horas
25/06/22	09:30-14:00 horas
	16:00-20:30 horas

O que xenerará o día 24 de xuño ao ser festivo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 16,45 €/h., con cargo á partida 342-151/13001).

2.- Comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

- 3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.
- 4.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.
- 5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”
- **2ª Resolución con data 01/06/22** .-“1.- Autorización á Federación Galega de Rugby, o uso do Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para un adestramento da Selección Galega M23 masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 12:00-14:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.”
- **3ª Resolución con data 01/06/22** .-“1.- Autorización á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para o desenvolvemento das Finais do Play Off da Liga Junior Feminina e Masculina, o vindeiro día 4 do presente mes, de 9:30-14:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.”
- **4ª Resolución con data 02/06/22** .-“1.- Remisión da solicitude da Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, de autorización do uso da Praza de Galicia, para a celebración da Claúsura da MASTER SENIOR LEAGUE, ano 2022, o vindeiro día 11 do presente mes, de 09:00-14:00 horas á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.
- 2.- Autorizar o uso do Pavillón Municipal Castelao, no caso de inclemencias metereolóxicas. Sinalándolle que o aforo máximo total do devandito Pavillón é de 100 persoas, que non poderá excederse en ningún momento.
- 3.- Aprobar a cesión dunha canastra de baloncesto reglamentaria, dun marcador portátil e dunha alargadeira, sempre e tanto de ser autorizada a devandita actividade pola Xunta de Goberno Local, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse

no citado material polos participantes da devandita actividade e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras, a cesión de 200 cadeiras e 3 carpas.

Departamento do Auditorio, a cesión e montaxe dun equipo de Son.

Departamento de electricidade, a instalación dun cadro eléctrico.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio da celebración do citado evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar un calendario de encontros, o número de compoñentes de cada equipo, así como a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.- Comunícaselle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan ao devandito evento.”

- **5ª Resolución con data 06/06/22** .-“1.- Remisión da solicitude do Club Olímpic-Vilagarcía, para a celebración dunha Macroexhibición de Taekwondo, o vindeiro día 24 do presente mes, de autorización da Praza da II República o citado día, de 17:00-22:00 horas (montaxe, desenvolvemento e desmontaxe), á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a realización do transporte do tapiz dende o ximnasio á Praza da II República e regreso, o que xenerará ao ser festivo a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento (que supón un custo total de 16,45 €/h.,con cargo á partida 342-151/13001).

3.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Departamento de Obras, a cesión de 6 mesas de pupitre, 300 cadeiras e 50 valadas.

Departamento de Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

Departamento de Medio Ambiente, a cesión de 2 colectores.

Departamento de Comunicación, a súa solicitude de elaboración de 100 carteis publicitarios do devandito evento.

4.- Conceder 150 medallas para os participantes no evento solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS, S.L. por importe total de 270,00 €.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).”

- **6ª Resolución con data 06/06/22** .-“1.- Autorización ao Club Vilagarcía, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 17 do presente mes, de 20:00-23:00 horas. Asemade comunícaselle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

2.- Trasladar ao Departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, a súa petición de cesión de 15 mesas grandes e 1 palco (4X3), para a súa aprobación, se procede.

3.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da devandita actividade o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade...”

- **7ª Resolución con data 08/06/22** .-“1.- Comunicación ao Club Arosa, S.C., que non é posible acceder a súa petición da utilización do Estadio Municipal de A Lomba, ao



estarse realizando na actualidade labores de rexeneración anual do terreo de xogo cara a vindeira tempada.

2.- Remitir a solicitude de autorización de uso do Parque da Xunqueira (Escenario, pistas polideportivas e graderío), para a celebración dunha Gala Final da Tempada 2021/22 para todos os seus deportistas de categorías base, o vindeiro día 17 do presente mes, a partir das 20:00 horas. Así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Servizo de Obras, a cesión de 200 cadeiras.

Servizo do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

3.- Comunicarlle que, no relativo o cesión dunha pantalla LED de 420x240 m, indicarlle que nin o Concello nin a Fundación de Deportes dispoñen da devandita pantalla, debendo facerse cargo o gasto do aluguer da mesma, no seu caso, a entidade organizadora do evento ao ser un gasto propio da súa organización.”

- **8ª Resolución con data 09/06/22** .-“1.- Autorización ao Club Balonmano Arousa, o uso en precario do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2010-2015 (ambos inclusive), do 4 ao 15 de xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc...) e, no que se estableceron os seguintes criterios:

a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.”

Polo que deberá presentar no prazo improrrogable de cinco días hábiles a súa solicitude de aprobación e subscrición do Convenio correspondente segundo os criterios indicados no parágrafo anterior ou, no caso seu caso, pagar a cota do prezo público polo uso do citado pavillón conforme o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

**“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

**TARIFAS:**

	Tarifa Mínima % S/Ingresos	
	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores .....	6,00	10%
<b>Instalacións interiores .....</b>	<b>9,00</b>	<b>10%</b>

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte”.

4.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado pavillón e/ou, no seu caso, de aprobación da subscrición do correspondente Convenio, establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas, para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

5.- Comunicarlle que, en caso necesario, para o desenvolvemento desta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Balonmán.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da

Fundación de Deportes (**Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:**

7.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade... “

- **9ª Resolución con data 10/06/22 .-**“1.- Autorización á AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da “VIII ESCOLA DE VERÁN DE ATLETISMO MAZÍ”, do 18 de xullo ao 12 de agosto do presente ano, (excepto os días que sexan festivos), luns, martes, xoves e venres, de 09:30-13:00 horas.

4.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos da devandita Escola, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado pavillón e/ou, no seu caso, de aprobación da subscrición do correspondente Convenio, establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 3 becas, para a inscrición de tres alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

5.- Comunicarlle que, en caso necesario, para o desenvolvemento desta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Baloncesto.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das Instalacións Deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

7.1) Faise constar que o Club xa presentou a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, así como, o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.2) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade

para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

7.3) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

**B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:**

- **1ª Resolución con data 01/07/22** .-“1.- Adxudicación do Contrato de Subministros “SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO PARA A FUNDACIÓN DE DEPORTES, MEDIANTE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (“RENTING”)” á empresa ANDACAR 2000, S.A, por importe total de 19.920,00 €/sen IVE e 24.103,20 €/IVE incluído, de conformidade coa súa oferta, por ser a oferta presentada que obtivo maior puntuación e, que se axusta ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e Prego de Prescricións Técnicas Particulares do devandito Contrato. O prazo de duración do contrato é de 4 anos, sen posibilidade de prórroga por anualidades, con cargo á partida 342-204,00 e, coas seguintes desagregacións:

a) Desagregación económica por anualidades (IVE incluído)

Período	Importe (IVE incluído)
Anualidade corrente-2022 (1/2 xullo-decembro)	2.761,83 €
Anualidade 2023 (xaneiro-decembro)	6.025,80 €
Anualidade 2024 (xaneiro-decembro)	6.025,80 €
Anualidade 2025 (xaneiro-decembro)	6.025,80€
Anualidade 2026 (xaneiro- 1/2 xullo)	3.263,97 €
Total 4 anos	24.103,20 €

a) Melloras presentadas na súa oferta:

b.1.- Ofrecen na redución no importe de abono Euro/Km, no recorrido e adicional:  
Coste km. no recorrido: 0,0363 (IVE incluído) e km. adicional: 0,00 €.

b.2.- Ofrece redución de prazos de entrega do subministro de 30 días, presenta como prazo de entrega de 15 DIAS.

b.3.- Ofrece vehículo de substitución de similares características (sen rotulación e sen bóla de remolque).

2.- Comunicar á devandita empresa que no prazo de 15 días, de conformidade coa súa oferta presentada e, contados desde o seu envío, deberá realizar a entrega do vehículo nas oficinas da Fundación de Deportes rotulado segundo o sinalado na cláusula 2.1 CONDICIÓN TÉCNICAS MÍNIMAS DO VEHÍCULO do Prego de Prescricións Técnicas.

3.- Conforme á cláusula 20. ABONO DO PREZO do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e o indicado no anexo I, o pago do prezo efectuarase previa presentación de factura, mensualmente, por importe de 502,15 €, debendo ser repercutido como partida independente o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) no documento que se presente ao cobro, sen que o importe global contratado experimente incremento ningún.

- **Resolución con data 04/07/22** .-"1.- Adxudicación á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as 33 inscricións das Escolas de Navegación Municipais, modalidades de Piragüismo e Remo( 16 en Piragüismo e 11 en Remo) aprobadas pola Resolución do Sr. Presidente con data 01/07/2022, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 368,53 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-224,00.

2.- Aprobar a contratación dos seguros de accidentes das solicitudes de inscrición que se presenten no prazo extraordinario de inscrición de ambas dúas escolas ata cubrir as prazas ofertadas, que deberá facturar a maiores, no seu caso.

- **Resolución con data 05/07/22** .-"1.- Adxudicación á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as 60 prazas ofertadas da inscrición da Escola Multideportiva de Verán 2022, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 129,96 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-224,00."

- **Resolución con data 11/07/22** .-"1.- Anulación da aprobación do gasto para o desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Salvamento, ano 2022, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 09/06/2022, por importe total de 2.200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901.

2.- Comunicarlle ao Club Salvamento Acuático, á anulación da devandita Escola, por non alcanza o número suficiente de inscritos, atendendo aos criterios de racionalidade de gasto e rentabilidade do mesmo.

- **Resolución con data 12/07/22** .-"1.- Adxudicación á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, o desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2022, do 4 ao 8 do presente mes, para un total de 46 nenos/as inscritos, en réxime



de xestión indirecta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.576,00 €, e, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
SEGUROS/LICENZA (46 alumnos x 16,00 €)	736,00 .-	342-224,00
46x5 SESIÓNS (8,00€/sesión-alumno)	<u>1.840,00.-</u>	342,227,9901
TOTAL	2.576,00 €	

2.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, adxudicatario do desenvolvemento da devandita Escola, para o seu coñecemento.

3.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento da devandita Escola e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

4.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

5.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na devandita Escola.

6.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/entidades deportivas).

- **Resolución con data 14/07/22** .-"1.- Aprobación do orzamento de gastos da XVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2022, que se vai celebrar o vindeiro día 30 de xullo do presente ano, por importe total de 10.592,49 €, co seguinte desglose:

<b><u>CONCEPTO</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
Inclusión calendario oficial	400,00 €	342-226,09
Xuices da F.G.A.	1.000,00 €	342-226,09
Seguro de accidentes deportistas e voluntariado	800,00 €	342-224,00
Servizo de ambulancia medicalizada	450,00 €	342-226,09
Control de chips da carreira	1.792,49 €	342-226,09
Avituallamento	600,00 €	342-226,09
Aluguer de valadas	2.000,00 €	342-226,09
Camisetas de agasallo	1.200,00 €	342-226,09
Adquisición medallas	1.200,00 €	342-226,9901

Trofeos	650,00 €	342-226,9901
Imprevistos	<u>500,00 €</u>	342-226,09
-	<b>TOTAL</b>	10.592,49 €

2.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición da Carreira Nocturna, por importe de 5,00 €/participante na proba absoluta, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: **“FIXACIÓN DO PREZO”**, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.”

- **Resolución con data 14/07/22** .-“1.- Adxudicación á empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR, a adquisición de 20 metopas, con motivo da entrega de agasallos coa imaxe institucional da Fundación de Deportes nos actos protocolarios da Fundación de Deportes, eventos deportivos organizados polos Clubes/Entidades Deportivas ou propios e/ou, na Gala da Festa Local do Deporte, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe de 500,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.”
- **Resolución con data 14/07/22** .-“Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L. a adquisición de 20 m<sup>3</sup> de area de silice de 1mm de grosor para a continuación cas labores de mantemento extraordinario do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, en colaboración coa Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.495,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-210,00.”
- **Resolución con data 15/07/22** .-“1.- Adxudicación ao CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCÍA, o desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Piragüismo, ano 2022, os meses de xullo e agosto do presente ano, para un total de 19 nenos/as inscritos, en réxime de xestión indirecta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.200,00 €, con cargo á partida 342,227,9901.  
2.- Comunicarlle que de acordo á Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, queda aberto un prazo extraordinario de inscrición na devandita escola ata cubrir a totalidade das 30 prazas ofertadas.  
3.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas ao CLUB PIRAGÜISMO VILAGARCÍA, adxudicatario do desenvolvemento da devandita Escola, para o seu coñecemento.  
4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento da devandita Escola e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.  
5.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas

(T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

6.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na devandita Escola.

7.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/entidades deportivas).

- **Resolución con data 15/07/22** .-"1.- Adxudicación ao CLUB DE REMO VILAXOÁN, o desenvolvemento da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo, ano 2022, os meses de xullo e agosto do presente ano, para un total de 12 nenos/as inscritos, en réxime de xestión indirecta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.200,00 €, con cargo á partida 342,227,9901.

2.- Comunicarlle que de acordo á Resolución do Sr. presidente con data 01/07/2022, queda aberto un prazo extraordinario de inscrición na devandita escola ata cubrir a totalidade das 30 prazas ofertadas.

3.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas ao CLUB DE REMO VILAXOÁN, adxudicatario do desenvolvemento da devandita Escola, para o seu coñecemento.

4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento da devandita Escola e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

5.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

6.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na devandita Escola.

7.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/entidades deportivas).

- **Resolución con data 15/07/22** .-"1.- Aprobación da anulación dos sobrantes da aprobación de gastos do Programa de Actividades Físico-Recreativas para a adultos curso 2022, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 16/12/2021, por importe total de 10.883,37 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>FASE</u>	<u>NÚMERO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Seguro de accidentes	A	220219000006	1.875,27 .-	342-224,00

Gastos publicitarios	A	220219000007	500,00 .-	342-226,02
Activid. xestión indirecta	A	220219000008	6.355,50 .-	342-226,09
Servizo de Limpeza	A	220219000009	1.146,32 .-	342-227,00
Equipamento Deportivo	A	220219000010	<u>1.006,78 .-</u>	342-623,02
-		TOTAL	10.883,87 €”	

- **Resolución con data 15/07/22** .-“1.- Adxudicación á empresa MULTISPORT GALICIA, S.L.U, o control de chips da XXVIII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2022, a través dun contrato menor de servizos, por importe de 1.792,49 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,09.”
- **Resolución con data 19/07/22** .-“1.- Adxudicación á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para os 72 inscritos na XX TORNEO DE TENIS DE VERÁN 2022, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 389,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-224,00.”

**C.- Recoñecementos de obriga:**

Non existen

**D.- Outros:**

- **1ª Resolución con data 01/07/22** .-“1.- Aprobación das 73 solicitudes de inscrición das Escolas de Navegación Municipais, modalidade de Vela, Remo e Piragüismo, ano 2022, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Escolas, co seguinte desglose:

ESCOLA	Nº DE INCRICIONS
Escola Municipal de Navegación: modalidade Vela	46
Escola Municipal de Navegación: modalidade Piragüismo	16
Escola Municipal de Navegación: modalidade Remo	<u>11</u>
TOTAL:	73

E dado que as prazas das Escolas Municipais de Navegación, modalidades de Piragüismo e Remo non alcanzaron o límite das 30 prazas ofertas cada unha delas, así como o desenvolvemento das citadas escolas é para os meses de xullo e agosto, apróbase manter e o prazo de inscrición aberto ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas de cada modalidade.

2.- Non aprobar as 5 solicitudes de inscrición presentadas para a Escola de Navegación Municipal, modalidade de Salvamento, ano 2022, dado que non alcanza un número suficiente de inscritos para o desenvolvemento da devandita Escola, atendendo aos criterios de racionalidade de gasto e rentabilidade do mesmo.

Comunicalle ás persoas solicitantes que a continuación se relacionan a anulación do desenvolvemento da citada Escola. Polo que, poderán realizar o cambio ás Escolas de

Navegación, modalidade de Piragüismo e Remo, dado que quedan prazas vacantes nas mesmas, ou ben deberán presentar a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), a correspondente solicitude de devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar esta actividade, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición, polos os importes que a continuación se indican, con cargo á partida económica 343,01:

Dna. Mónica María Miguéns Iglesias, pola solicitude de inscrición da súa filla Xulia Alcalde Miguéns, por importe de 12,00 €.

D. Frco. José Bouzas Martínez, pola solicitude de inscrición do seu fillo Asier Bouzas Blanco, por importe de 12,00 €.

D. Jorge Ferrín Escariz, pola solicitude de inscrición do seu fillo Cibrán Ferrín Ruibal, por importe de 9,00 €.

D. Oscar Rivadulla Rodríguez, pola solicitude de inscrición da súa filla Natalia Rivadulla Orois, por importe de 12,00 €.

Dna. Isabel Souto Verde, pola solicitude de inscrición do seu fillo Iker Constantino Souto, por importe de 12,00 €.

- **Resolución con data 04/07/22** .-“1.- Aprobación das 40 solicitudes de inscrición da Escola Multideportiva de Verán 2022, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria.  
2.- Non aprobar a solicitude de inscrición de Dna. M<sup>a</sup> José Carrión Herreros para a súa filla Lara Carballido Carrión, dado que esta fóra de idade, polo que deberá solicitar a devolución do ingreso efectuado para a devandita escola, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.  
3.- Aprobar manter aberto un prazo extraordinario de inscrición da devandita escola ata cubrir a totalidade das prazas ofertadas.”
- **Resolución con data 11/07/22** .-“1.- Aprobación das 70 solicitudes de inscrición do programa Actvo MAIORmente verán 2022, incluído no Proxecto Verán Deportivo Vilagarcía 2022, aprobado no Consello Reitor en sesión con data 09/06/2022, 67 que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria e as 3 que aínda que non cumpre a idade establecida, de conformidade ao informe da Dirección Deportiva apróbanse polas súas características persoais (ben por ter algunha discapacidade ou ben por encontrarse en situación de risco social, sendo os mesmos beneficios a

participación no programa Activo MAIORmente de acordo aos seus obxectivos principais).

2.- Aprobar manter o prazo de inscrición aberto, dado que non alcanzaron o limite das 90 prazas ofertadas e, o seu desenvolvemento é para os meses de xullo e agosto, ata tanto non se cubran a totalidade das prazas ofertadas.”

- **Resolución con data 12/07/22** .-“1.- Aprobación das 4 solicitudes de inscrición das Escolas de Navegación Municipais, modalidade de Remo e Piragüismo, ano 2022, presentadas no prazo extraordinario que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para as devanditas Escolas, co seguinte desglose:

<b>ESCOLA</b>	<b>Nº DE INCRICIONS</b>
Escola Municipal de Navegación: modalidade Piragüismo	3
Escola Municipal de Navegación: modalidade Remo	1

- **Resolución con data 19/07/22** .-“1.- Aprobación das 72 solicitudes de inscrición para o XX TORNEO DE TENIS DE VERÁN, (51 solicitudes presentadas en prazo e as 21 presentadas fóra de prazo), que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para o devandito torneo.”

O Consello Reitor queda sabedor.

### **3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 2º TRIMESTRE, ANO 2022.**

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, º trimestre 2022 (1 de abril ao 30 de xuño de 2022), no que a 30/06/2022, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días, así como indica que:

- a) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 26,22 días.**
- b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:  
Dentro do período legal de pago 133.107,88 €  
Fora do período legal de pago 0,00 €
- c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 34.003,88 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
- d) **O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 7,17 días.**

O Consello Reitor queda sabedor.

### **4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 2º TRIMESTRE DE 2022, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.**

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 2º trimestre de 2022 (1 de abril ao 30 de xuño de 2022), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar

por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2021.**

Pola Sra. interventora/delegada dá unha breve explicación da Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2021 e, no que indica que o resultado presupostario e o remanente de tesourería son positivos e que unha vez aprobada polo Consello Reitor debe ser remitida ao Pleno-Concello, conxuntamente coa do Concello, para a súa aprobación, se procede. Estando na actualidade aprobada na Comisión informativa e aberto o prazo de exposición ao público, que unha vez finalizado se levará a cabo a súa aprobación polo Pleno-Concello

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2021 e, que se aprobe polo Pleno-Concello conxuntamente coa do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa.

**6.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE DA RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE, RELATIVA Á APROBACIÓN DOS CRITERIOS/NORMAS DOS PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL, TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021 E O SEU MODELO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS. ASÍ COMO A APROBACIÓN DA DESIGNACIÓN DO XURADO PARA A ELECCIÓN DOS CITADOS PREMIOS E OS GASTOS DA GALA DA XXX EDICIÓN DOS PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL, ANO 2022.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da Resolución do Sr. presidente con data 09/08/2022, relativa á aprobación por urxencia dos Criterios/Normas para a elección dos “PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL, TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021”, así como o modelo de proposición do mesmo/a. Así como a apertura do prazo de presentación das candidaturas dende o día 9 de agosto ao 11 de setembro do presente ano(ambos inclusives). Así como da conta da proposta do Sr. presidente para a designación do Xurado para elección dos citados premios na XXX Gala que se vai celebrar o vindeiro día trinta do presente mes e a proposta do Sr. director Deportivo do orzamento de gastos, por importe total de 5.800,00 €, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	3.100,00 €
PRESENTADOR	500,00 €

TROFEOS	800,00 €
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	800,00 €
VARIOS/IMPREVISTOS	<u>600,00 €</u>
TOTAL .....	5.800,00 €

Polo Sr. director Deportivo da unha breve explicación dos motivos da aprobación dos Criterios/Normas por urxencia, dado que a GALA dos XXX PREMIOS ANUAIS Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL, TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021, tense previsto celebrar o vindeiro día 30 de setembro do presente ano, sendo necesario a apertura do prazo de presentación das candidaturas do 09/08/2022 ao 11/09/2022.

Despois dun pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade, acorda:

1.- Ratificar as Normas e Modelo de Proposición para PREMIAR Á/AO MELLOR DEPORTISTA LOCAL TEMPADA 2021/22 OU ANO 2021.

2.- Nomear como Xurado para a Elección da/o Mellor Deportista Local, tempada 2021/22 o ano 2021 conforme á cláusula quinta das devanditas normas e a proposta do Sr. presidente e membros do Consello Reitor, ás seguintes persoas:

- Presidente: D. Argimiro Serén Mera (presidente da Fundación de Deportes)
- Vogais: D. Juan Miguel Doval Blanco (director Deportivo)
- Dna. Ana M<sup>a</sup> Granja Guillán (membro do Consello Reitor)
- D. Ángel Francisco Vilas Fernández (presidente do Consello Consultivo)
- Dna. Martina Oubiña Miser (periodista dos Medios de Comunicación do ámbito deportivo)
- D.Álvaro Carou García (adestrador, árbitro ou deportista en activo Local)
- D. Antón Paz Blanco (deportista Vilagarcían de Honra)

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz (secretaria da Fundación de Deportes)

E nomease a dous suplentes dos vogais do devandito Xurado (entre persoas coñecedoras do mundo do deporte), 1<sup>a</sup> suplente: D. José Ramón Santorum Canto (directivo de Os Ingleses Rugby Club) e 2<sup>a</sup> suplente: D. Isidro Fernández Portas (Xuíz de Atletismo)

4.- Aprobar o orzamento de Gastos por importe total de 5.800,00 €, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>PARTIDA</b>
GRABACIÓN/MONTAXE/EDICIÓN VIDEO	3.100,00 €	342-226,09
PRESENTADOR	500,00 €	342-226,09
TROFEOS	800,00 €	342-226,9901
ÁGAPE PREMIADOS E AUTORIDADES	800,00 €	342-226,09
VARIOS/IMPREVISTOS	<u>600,00 €</u>	342-226,09
TOTAL .....	5.800,00 €	



**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS: PSICOMOTRICIDADE, MULTIDEPORTIVA DE INVERNO E DEPORTIVA DE BASE, CURSO 2022/23.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, acompañado das súas follas de inscrición, elaborado polo Sr. director Deportivo, para o curso 2022/23:

- ESCOLA DE PSICOMOTRICIDADE
- ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE INVERNO
- ESCOLA DEPORTIVA DE BASE, MODALIDADES DE:
 

ARTES MARCIAIS	PATINAXE	XADREZ
ATLETISMO	PADEL	XIMNASIA RITMICA
BALONCESTO	TENIS DE MESA	

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento do devandito proxecto, por importe total de 13.500,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2022</u>	<u>ANO 2023</u>
SEGUROS DEPORTIVOS	1.500,00 €	1.500,00 €	0,00 €
ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS	12.000,00 €	4.500,00 €	7.500,00 €
XESTIÓN INDIRECTA	_____	_____	_____
<b>TOTAL .....</b>	<b>13.500,00 €</b>	<b>6.000,00 €</b>	<b>7.500,00 €</b>

Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, indicando que o prezo das Solicitudes de inscrición de cada Escola é de 12,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como indica que:

. As instalacións previstas para o desenvolvemento das devanditas Escolas serán nos Pavillóns Municipais, Pavillóns Municipais dos Centros Educativos e/ou Recinto Fexdega.

. As modalidades deportivas da Escola Deportiva de Base serán de xestión indirecta, todas aquelas que os Clubes/Entidades Deportivas presenten proxecto.

. O prazo de inscrición propónse que sexa dende o 12 de setembro ao 3 de outubro do presente ano, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30005.

. A duración das Escolas será de 8 meses, dende o 10 de outubro do presente ano ao 31 de maio de 2023, seguindo o calendario escolar no que haberá que descontar os festivos do calendario, Semana Santa, festivos locais....

. O número de inscricións para poder levar a cabo o desenvolvemento de cada unha das Escolas Deportivas propoñese que sexa como mínimo de 10 nenos/as inscritos e ata un máximo 25 inscricións por grupo.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto e Follas de Inscripción do Programa das Escolas Deportivas Municipais de: Psicomotricidade, Multideportiva de Inverno e Deportiva de Base, curso 2022/23, cun prazo de inscrición do 12 de setembro ao 3 de outubro do presente ano, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30005.

2.- Aprobar o número de inscricións para poder levar a cabo o desenvolvemento de cada unha das Escolas Deportivas, cun mínimo de 10 nenos/as inscritos e ata un máximo 25 inscricións por grupo.

3.- Aprobar o orzamento de gastos por importe total de 13.500,00 €, para o curso 2022/23, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>ANO 2022</b>	<b>ANO 2023</b>	<b>PARTIDA</b>
SEGUROS DEPORTIVOS	1.500,00 €	1.500,00 €	0,00 €	342-224,00
ESCOLAS DEPORTIVAS	12.000,00 €	4.500,00 €	7.500,00 €	342-227,9901
XESTIÓN INDIRECTA	_____	_____	_____	
<b>TOTAL .....</b>	<b>13.500,00 €</b>	<b>6.000,00 €</b>	<b>7.500,00 €</b>	

4.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.

## **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS PARA ADULTOS, 2022/23.**

Pola Sra. secretaria/delegada dá conta do Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2022/23, acompañado da súa folla de inscrición, e cuestionario Par-Q, elaborado polo Sr. director Deportivo, co seguinte desglose:

1.- PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:

a) XIMNASIA FUNCIONAL

2.- PROGRAMA VILAGARCÍA EN FORMA:

2.1 ACTIVIDADES DE MOVEMENTO INTELIXENTE E CORRECCIÓN POSTURAL:

a) IOGA

b) PILATES

c) ESTIRAMENTOS

2.2 ACTIVIDADES DE ACONDICIONAMENTO FÍSICO XERAL:

a) XIMNASIA DE MANTEMENTO

- b) AEROBIC
- c) XIMNASIA ACUÁTICA
- d) Funcional Training

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 17.400,00 €, co seguinte desglose:

<b>CONCEPTOS</b>	<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>ANO 2022</b>	<b>ANO 2023</b>
SEGUROS DEPORTIVOS	3.800,00 €	3.800,00 €	0,00 €
ACTIVIDADES XESTIÓN INDIRECTA	9.100,00 €	2.765,00 €	6.335,00 €
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00 €
SERVIZO DE LIMPEZA	3.000,00 €	1.000,00 €	2.000.00 €
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	<u>... 500,00 €</u>	<u>...500,00 €</u>	<u>0,00 €</u>
Total .....	17.400,00 €	9.065,00 €	8.335,00 €

Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto e no que indica que: “non se xustifica o gasto do contrato de xestión indirecta das actividades de Aerobic (zumba) e Ximnasia acuática, tendo en conta que a Fundación de Deportes conta con persoal técnico deportivo. Tampouco aparece xustificado o gasto de limpeza xa que a Fundación (a través do Concello) ten contrato de limpeza para as instalacións Deportivas municipais e o Concello ten contrato de limpeza para as instalacións educativas”.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, propondo que a cota de inscrición sexa de 18,00 €/actividade, conforme ao prezo público establecido no Acordo regulador Nº III.5 para as actividades de adultos, agás as actividades do Programa Activo Maiormente (Ximnasia Funcional), Pilates, Estiramientos e Funcional Training, que non figuran no citado acordo regulador, polo que, tal e como establece o seu artigo 13, corresponde a Xunta de Goberno Local a fixación do prezo público das actividades de nova creación, así como indica que:

. As instalacións previstas para o desenvolvemento das devanditas Actividades serán nos Pavillóns Municipais, Pavillóns Municipais dos Centros Educativos e/ou un espazo do Auditorio Municipal. Estando á espera de resposta dos Centros Educativos, onde pode ser necesario levar a cabo unha limpeza despois de finalizar os días que haxa actividade, para que nos autoricen o seu uso.

. As actividades levaranse a cabo en xestión directa polos Técnicos Deportivos, agás a actividade de Ximnasia Acuática e Aerobic, que no caso de non poderse cubrir polos Técnicos Deportivos, se levará a cabo a través dun Contrato Menor de Servizos cunha empresa especializada no sector.

. O prazo de inscrición propónse que sexa dende o 12 de setembro ao 3 de outubro do presente ano, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30007.

. A duración total será de 9 meses, dende o 10 de outubro do presente ano ao 22 de xuño de 2023, repartido en tres cursos, 1º curso, do 10 de outubro ao 22 de decembro do presente ano, 2º curso, do 9 xaneiro ao 31 de marzo de 2023 e, 3º curso do 3 de abril ao 22 de xuño de 2023, seguindo o calendario escolar no que haberá que descontar os festivos do calendario, Semana Santa, festivos locais...

. O número de inscricións para poder levar a cabo o desenvolvemento de cada unha das Actividades propoñese que sexa como mínimo de 10 persoas inscritas e ata un máximo de 25 inscricións por grupo e cada persoa poderá realizar un máximo de dúas actividades.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto de Actividades Físico-Deportivas para Adultos, curso 2022/23, acompañado das súa folla de inscrición e cuestionario Par-Q.

2.- Aprobar o orzamento de gastos por importe total de 5.300,00 €, co seguinte desglose:

<b><u>CONCEPTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
SEGUROS DEPORTIVOS	3.800,00 .-	342-224,00
MATERIAL DEPORTIVO	1.000,00 .-	342-2219901
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	<u>500,00 .-</u>	342-226,02
Total .....	5.300,00 €	

3.- Aprobar levar a cabo retencións de crédito ás partidas e para os conceptos que a continuación se indican, conforme o informe da Sra. interventora/delegada, que deberá no caso de ser necesario, a súa aprobación de gasto e adxudicación xustificar os motivos:

<b><u>CONCEPTOS</u></b>	<b><u>IMPORTE TOTAL</u></b>	<b><u>ANO 2022</u></b>	<b><u>ANO 2023</u></b>	<b><u>PARTIDA</u></b>
ACT. XESTIÓN INDIRECTA	9.100,00 €	2.765,00 €	6.335,00 €	342-226,09
SERVIZO DE LIMPEZA	<u>3.000,00 €</u>	<u>1.000,00 €</u>	<u>2.000,00 €</u>	342-227,00
Total .....	12.100,00 €	3.765,00 €	8.335,00 €	

4.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.

5.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición das Actividades Físico-deportivas para adultos: Ximnasia Funcional, Pilates, Estiramientos e Funcional Training por importe de 18,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: “**FIXACIÓN DO PREZO**”, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS HORARIOS ANUAIS DOS PAVILLÓNS, CAMPOS DE FÚTBOL E OUTRAS INSTALACÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, TEMPADA**

## **2022/23, PARA OS ADESTRAMENTOS DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS.**

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Regulamento de Rexime Interno, que no seu Capítulo V: SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, artigo 27. SOLICITUDE DE IDM PARA CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS, segundo parágrafo do apartado 2 que dí literalmente o seguinte: “Corresponderá ao/á Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución ao Consello Reitor da Fundación de Deportes.” Polo que se presenta para a súa aprobación, se procede, o informe-proposta do Sr. director Deportivo dos HORARIOS ANUAIS das instalacións deportivas municipais que a continuación se relacionan, para os adestramentos, tempada 2022/23 e no que indica que os horarios dos Pavillóns Municipais apróbanse ata o mes de decembro do presente ano e/ou ata que se inicie a obra do Pavillón nº 1 do CDM Fontecarmoa:

### **CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS:**

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
  - . Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo
- Campo de Fútbol Municipal de Berdón
- Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán
- Campo de Fútbol Mari Paz Vilas Dono
- Campo de Fútbol Municipal da Pelada

### **PAVILLÓNS MUNICIPAIS:**

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
  - . Pavillón nº 1 e nº 2
- Pavillón Municipal Castelao
- Pavillón Municipal de Carril
- Pavillón Municipal de Faxilde
- Pavillón Municipal da Torre
- Pavillón Municipal de Guillán
- Rencito Fexdega, pista 1
- Recinto Fexdega, pista 2

### **OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:**

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
  - . Estadio de Atletismo (Pista e Campo de herba natural)

Polo Sr. director Deportivo dá un breve resumo, de todos os horarios das instalacións deportivas municipais, unha vez finalizado o prazo de presentación, así como de solicitudes presentadas fora de prazo e, despois das conversas mantidas con todos os Clubes/Entidades Deportivas solicitantes. Asemade indica que os horarios aplicouse o que establece o

regulamento interno, para dar cabida a todas as horas solicitadas polos Clubes/Entidades Deportivas.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relaciona, que presentaron correctamente toda a documentación, os HORARIOS ANUAIS DOS CAMPOS DE FÚTBOL, PAVILLÓNS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS anteriormente sinaladas, tempada 2022/23, para os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas e, ata o 31 de maio de 2022. No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data. Agás os horarios dos Pavillóns Municipais que se aproban ata o mes de decembro do presente ano e/ou ata que se inicie a obra do Pavillón nº1 do CDM Fontecarmoa, debéndose remitir novamente a este órgano para a restructuración dos horarios concedidos no momento que non se poida utilizar o Pavillón nº1 do CDM Fontecarmoa:

**CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA**

CLUB DEPORTIVO BAMIO

CLUB ATLÉTICO FAXILDE

CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA

CLUB AROSA S.C.

CLUB VILAROUSA XIMNASIA

CLUB VILAGARCÍA S.D.

OS INGLESES RUGBY CLUB

CLUB SAN MARTIN

BASKET BASE CLUB

AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ

2.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubs/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos **Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades**”.

3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarse cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

5.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

7.- Requerir aos Clubs/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que no prazo improrrogable de 5 días hábiles, presenten a través da Sede Electrónica polo catálogo 30004 de "SOLICITUDE DE ADESTRAMENTOS COMPETICIÓN 2022/23, a seguinte documentación, para poder levar a cabo a súa aprobación e, no caso de non facelo así, entenderase que desiste da súa solicitude, polo se arquivará sen máis trámites:

**CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA**

**DOCUMENTACIÓN**

ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA F-7

Póliza de Responsabilidade Civil en vigor

ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA S.D.

Anexo I

Póliza de *Responsabilidade* Civil en vigor

Xustificante pago do R.C. en vigor

ASOC.DEPORTIVA E CULTURAL

VILAGARCIA ESCRIMA

Xustificante pago da póliza de R.C. en vigor

CLUB BALONMANO AROUSA

Xustificante pago da póliza de R.C. en vigor

CLUB BALONCESTO VILAGARCIA

Anexo I

CLUB BALONCESTO EL DOCE

Xustificante pago da póliza de R.C. en vigor

CLUB ATLÉTICO VILAXOÁN

Solicitude

Anexo I

AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA

Solicitude

Anexo I

Xustificante pago do R.C. en vigor

ESCOLA FUTBOL SALA SALNES

Solicitude

Anexo I

Póliza de Responsabilidade Civil en vigor

Xustificante pago do R.C. en vigor

CLUB ATLÉTICO AROUSANA

Solicitude

Anexo I

8.- Comunicarlles que antes do inicio das competicións oficiais, deberán ter presentadas todas as licenzas federativas/certificación licenzas da correspondente Federación Deportiva, tempada 2022/23 ou ano 2023.

9.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación das pequenas modificacións ou novas solicitudes a maiores que poidan presentarse, para a tempada 2022/23.

#### **10.- ROGOS E PREGUNTAS.**

- O Sr. Vilas interven para preguntar en que situación están as obras de mellora do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, así como en que fase están as subvencións.

O Sr. presidente contéstalle en relación a obra, que neste momento estanse redactando os pregos, así como intentando conseguir Fondos Europeos para a súa execución.

A Sra. secretaria/delegada indica que os expedientes de subvencións teñen moito retraso pola situación de atraso por falta de persoal administrativo.

O Sr. presidente sinala, que na forma posible se priorice a tramitación das subvencións.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte e sete minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.